

## Fase autonómica Galega 2023



A Asociación Olimpiada Española de Biología (OEB) e o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) convocan a XVIII Olimpiada de Biología (Fase Autonómica Galega) baixo o patrocinio de:

- A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
- A Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña
- A Facultade de Biología da Universidade de Santiago de Compostela
- A Facultade de Biología da Universidade de Vigo
- A Dirección do Grupo de Traballo de Biología da ABAU (CIUG)
- A Inspección de Educación da Xunta de Galicia

As bases aparecen a continuación.

## BASES

### 1. PARTICIPANTES

1.1.- Poderá participar todo o alumnado que estean matriculados na materia de Biología no 2º curso de Bacharelato, durante o curso 2022-2023, en centros de ensino de Galicia de calquera titularidade e que sexan seleccionados segundo os criterios indicados nestas bases.

### 2. INSCRICIÓN

- Requisitos e procedemento para poder participar:

- Cumprir os requisitos indicados no punto 1.1.
- Nº máximo de participantes por centro: NON hai límite de participantes para a fase previa.
- Nº máximo de estudantes para a fase presencial en Santiago: 100
- Cumprimentar integramente o Formulario de Inscripción que atoparán nas páxinas web <http://olimpiadabiologia.edu.es/la-competicion/fase-autonomica/galicia/>, [http://www.biologosdegalicia.org/olimpiada\\_biologia.html](http://www.biologosdegalicia.org/olimpiada_biologia.html)

**Prazo de inscrición**

**entre o luns 14 de novembro e o xoves 22 de decembro de 2022**

As consultas relacionadas coa inscrición deberán dirixirse a:

[olimpiadabiologia@biologosdegalicia.org](mailto:olimpiadabiologia@biologosdegalicia.org)

## Fase autonómica Galega 2023

---

### 3. PRIMEIRA FASE DA OLIMPIADA

#### 3.1.- Desenvolvemento

A primeira fase, chamada Olimpiada Autonómica ou Fase Local, da XVIII Olimpiada *Española de Biología*, constará de dúas subfases:

- **Fase previa telemática**, o venres 3 de febreiro de 2023 ( de 12:00 a 14:00 horas), que consistirá na resolución dunha proba teórica de opción múltiple, con catro respostas posibles, onde unha só é correcta, dos contidos de Biología da ESO, de 1º de Bacharelato; e de 2º de Bacharelato referidos ao primeiro bloque do programa oficial: A Base Molecular e Físicoquímica da Vida. A proba deberá realizarse nas instalacións do centro educativo, supervisado por persoal docente e sen ningún tipo de material de apoio, nin posibilidade de consultas na rede, salvo unha calculadora non programable. O director ou a directora do centro deberá certificar que a proba tense feito conforme as indicacións destas bases. É imprescindible a visibilidade da aula mediante webcam. A esta fase pódese presentar todo o alumnado de Biología de 2º de Bacharelato de cada centro.
- Coma resultado desta fase telemática seleccionaranse 100 alumnos/as que pasarán á fase presencial na USC. Para procurar a excelencia e, ao mesmo tempo a maior representatividade, pasará á seguinte fase un alumno ou alumna de cada centro co mellor resultado na proba telemática, sempre que iguale ou supere a cualificación media dos resultados obtidos por todos os participantes. O resto das prazas asignaranse estritamente polos resultados obtidos na proba telemática, ate chegar a 100, independentemente do centro.
- En caso de empate terase en conta as notas presentadas polo centro na inscrición: 1º a nota de Biología, Xeoloxía e Ciencias Ambientais de 1º de Bacharelato, e de persistir o empate coa nota media de todas as cualificacións de 1º de Bacharelato. No caso do alumnado que realizase o curso previo no estranxeiro, o centro deberá presentar o documento coa conversión das cualificacións segundo as equivalencias vixentes. Haberá unha lista de substitución para o caso de ausencias.
- **Fase presencial**, o venres, 17 de febreiro de 2023, na Facultade de Biología da Universidade de Santiago de Compostela para os/as 100 alumnos/as clasificados/as na fase previa. Esta fase presencial consistirá nunha proba teórica similar á da fase previa e unha parte práctica. Excepcionalmente poderán modificarse as datas ou a sede, se as circunstancias particulares así o aconsellan.

O alumnado inscrito que sexa seleccionado nas distintas fases será informado do proceso por comunicación da OEB co docente, **a través de correo electrónico e a partir do día 13 de xaneiro de 2023**. Para a proba da fase previa, o alumnado a recibirá no seu propio correo electrónico, que terá que ser persoal.

Nas dúas fases unicamente se permitirá o uso de utensilios de escritura e, no seu caso, de calculadoras non programables. En particular, non estará permitido, libros, manuais, apuntes,

## Fase autonómica Galega 2023

---

táboas, dispositivos electrónicos ou outros documentos distintos aos que proporcione ou permita o tribunal.

A OEB espera de todos/as os/as participantes a máxima honradez na realización das probas.

### 3.2.- Tribunal da primeira fase

O Tribunal formado polos delegados e delegadas da OEB en Galicia cualificará os exercicios e proporá os gañadores da primeira fase. O fallo do Tribunal será inapelable.

### 3.3.-Premios da primeira fase

Aos cualificados nos tres primeiros lugares corresponderalles representar á Comunidade Autónoma de Galicia na Fase Nacional, que se celebrará en Barcelona do 23 ao 26 de marzo de 2023.

O Comité Organizador da primeira fase poderá engadir aos premios antes mencionados cantos considere oportunos en función das súas dispoñibilidades.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ofrece aos gañadores das fase nacional a exención dos prezos por servizos académicos, por unha soa vez, no primeiro curso de ensinanza de grao. Por outra banda as tres universidade galegas ofrecen premios en metálico aos gañadores e gañadoras das fases locais e nacionais.

Segundo o Convenio de 31 de marzo 2022, asinado coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o persoal docente que presenta ao alumnado á Olimpiada verá recoñecida a súa participación nas distintas fases como actividades de innovación educativa cunha certificación de 15 horas para a fase galega (só con participar na fase telemática) e 25 horas para a fase nacional.

## 4. SEGUNDA FASE DA OLIMPIADA

### 4.1.- Desenvolvemento

A fase nacional da *XVIII Olimpiada Española de Biología*, ten previsto a súa celebración na *Universitat Autònoma de Barcelona (UAB)* do 23 ao 26 de marzo de 2023.

Nela participarán os gañadores e gañadoras da primeira fase das comunidades autónomas e das cidades autónomas de Ceuta e Melilla. Consistirá nunha parte teórica e outra práctica, dos contidos de Biología incluídos nos programas de Biología ata 2º de Bacharelato. Pode consultarse a información na dirección <http://olimpiadadebiologia.edu.es/la-competicion/fase-nacional/>

### 4.2.- Tribunal da Segunda Fase

## Fase autonómica Galega 2023

---

A proposta das cuestións para a proba teórica será realizada polo *Comité Académico nomeado pola Xunta Directiva*. Estas preguntas serán de opción múltiple, dunha soa resposta correcta. Para a cualificación da parte práctica constituirase un Tribunal formado polo *Comité Académico da OEB*.

Este Tribunal realizará unha clasificación do alumnado participante, de acordo cos criterios de cualificación e desempate establecidos pola Comisión da *XVIII Olimpiada de la OEB*. A decisión do tribunal será inapelable.

### 4.3.- Premios da Segunda Fase

Nesta segunda fase entregaranse os seguintes premios:

- **Diploma** a todos os finalistas.
- **Diploma** aos 4 primeiros clasificados e participación na *Olimpiada Internacional de Biología (IBO)*, e aos 4 seguintes a participación na *Olimpiada Iberoamericana de Biología (OIAB)*, representando a España nos dous casos.
- alumnado **clasificados en 9º e 10º** lugar recibirán unha mención de honra e serán suplentes dos anteriores.
- A OEB poderá xestionar a **estancia** do alumnado participante nun centro de investigación do CSIC.

O Comité Organizador da segunda fase poderá engadir aos premios antes mencionados cantos considere oportunos en función das súas dispoñibilidades.

### 5. OLIMPIADAS INTERNACIONAL E IBEROAMERICANA

Os 4 primeiros alumnos/as con nacionalidade española gañadores na Fase Nacional formarán parte do Equipo Olímpico de España na *XXXIV Olimpiada Internacional de Biología 2023-IBO 2023 (Emiratos Árabes Unidos EAU, xullo de 2023)*. Os 4 seguintes farano na *XV Olimpiada Iberoamericana de Biología 2023-OIAB 2023 (España, setembro de 2023)*. Os alumnos e as alúmanas españois clasificados a continuación terán o carácter de suplentes.

A *Comisión de Olimpíadas*, tendo en conta a información recadada durante as sesións de preparación e de acordo a criterios obxectivos, poderá decidir a substitución de membros do Equipo Olímpico de España por suplentes. Os posibles compoñentes do Equipo Olímpico de España nas competicións de carácter internacional adquiren a obriga de participar con aproveitamento nas sesións de preparación que organice a *Comisión de Olimpíadas de la OEB*. A falta inustificada de participación nas sesións de preparación pode ser motivo de exclusión do Equipo Olímpico.

### 6. DECISIONS DOS TRIBUNALS

## Fase autonómica Galega 2023

---

As decisións dos Tribunais, tanto da primeira como da segunda fase da *XVIII Olimpiada Española de Biología*, así como os acordos adoptados pola *Comisión de Olimpiadas de la OEB* concernentes a este concurso, son inapelables.

Excepcionalmente, os premios poderán quedar desertos.

A percepción dos premios queda suxeita ao cumprimento da normativa vixente.

### 7. COMPROMISOS DOS E DAS PARTICIPANTES

- Participar con espírito olímpico de superación e respecto ás normas.
- Asumir a representatividade de Galicia na fase nacional e de España nas fases internacionais.
- En caso de ser seleccionado/a para a fase nacional ou internacionais, de producirse un acontecemento imprevisto posterior a aceptación que impida continuar na competición, comunicalo de xeito urgente para poder realizar a substitución.
- Os/as seleccionados/as e gañadores/as comprométense a atender á prensa durante as diferentes fases da olimpiada.

### 8. ACEPTACIÓN

A participación en calquera das Fases da *Olimpiada Española de Biología* supón a aceptación das bases.